


PROGRAMA RECÍCLATE

CON sogama 





BENVIDO

O teu centro escolar participa este curso no programa « Recíclate con Sogama», que ten por obxecto xestionar o lixo de forma sostenible. A **correcta xestión do lixo** constitúe unha prioridade para protexer e coidar o medio ambiente.



XA COÑECES A ILLA DE RECICLAXE?

Está conformada por tres contedores con capacidade para uns 120 litros. Un **amarelo**, onde se depositan os envases de plástico, as latas e os briks; outro **azul** destinado a acoller o papel e cartón; e un terceiro de cor **verde**, no que se deben introducir aqueles residuos que non se poden reciclar, é o caso das máscaras e luvas desbotables, os panos de papel usados, os bolígrafos, etc.



XA COÑECES A ILLA DE RECICLAXE?

A maiores, nas rúas atoparás o iglú **verde**, para os envases de vidro, e nalgúns concellos, hai un quinto contedor de cor **marrón**, destinado a acoller a materia orgánica recollida de forma selectiva para a súa transformación en compost, un fertilizante natural con excelentes propiedades para o solo. Este contedor irase implantando progresivamente nos distintos municipios



XA COÑECES A ILLA DE RECICLAXE?

Ademais, moitos concellos contan cos denominados **puntos limpos**, recintos nos que se poden entregar aqueles refugallos que, polas súas características especiais (mables, etc...) non poden ser introducidos nos contedores das vías públicas, garantindo así a súa correcta xestión.



SABÍAS QUE PODES FACER COMPOSTAXE NA CASA?

Se vives nunha **casa unifamiliar** que dispoña de terreo (horta, xardín ou terras de cultivo), unha **boa forma de aproveitar os restos orgánicos é a compostaxe doméstica**. Para isto é de gran utilidade o composteiro, no que debes depositar restos de comida (nunca produtos lácteos, peixe ou carne, excrementos humanos ou de animais domésticos, cueiros desbotables...) que serán sometidos a un proceso de fermentación controlado, dando como resultado un fertilizante natural.

O compost resultante emprégase como fertilizante de alta calidade. Deste xeito, a materia orgánica recíclase no propio fogar e evítase depositala no contedor xenérico.

Dispós de toda a información en www.compostaconsogama.gal

OS 3 ERRES




REDUCIR

A colaboración da poboación tradúcese en tres sinxelos xestos:
reducir, reutilizar e reciclar.

Reducir: en Galicia, cada persoa produce aproximadamente 1,15 quilos de lixo ao día, polo que a prioridade é diminuír esta cifra. Podémolo facer comprando só aquelas cousas que verdadeiramente necesitamos, evitando artigos de usar e tirar.


OS 3 ERRES



REUTILIZAR

Reutilizar: consiste, simplemente, en alongar a vida útil dos produtos, aproveitándoos ao máximo ata que se converten en residuos. É tan sinxelo coma aproveitar o papel polas dúas caras, usar os tarros de vidro para gardar cousas e como obxectos decorativos, elaborar novos menús a partir das sobras de comidas etc.

OS 3 ERRES



RECICLAR

Separar para reciclar: a correcta xestión do lixo constitúe unha prioridade para protexer e coidar o medio ambiente. E, neste labor, debemos participar todos e todas: o alumnado, o profesorado, as familias, a cidadanía en xeral, a Administración, etc.

OS 3 ERRES



RECUPERACIÓN ENERXÉTICA

Aos tres erres, Sogama engádelles un cuarto erre: o da **Recuperación enerxética** da fracción resto. Coa parte non reciclable do lixo, e dunha forma limpa, xera enerxía eléctrica suficiente para abastecer o 12 % dos fogares galegos.

LEMBRA

- ! A reciclaxe só é viable se hai unha **boa separación dos materiais** que conforman o lixo.
- ! Se utilizamos ben os contedores, contribuiremos a incrementar a reciclaxe na nosa comunidade e, polo tanto, os seus **beneficios para o medio ambiente, a economía e o benestar social**.
- ! **As cores** destes contedores **serven para identificar** onde vai cada cousa.


LEMBRA



AMARELO:

- ✓ Envases de plástico, latas e briks
- ✗ Plásticos que non sexan envases nin envoltorios.

LEMBRA



AZUL:

- ✓ Envases de cartón e papel
- ✗ Papeis tratados –encerados, plastificados, de calco, sucios ou con restos de graxa

LEMBRA



IGLÚ VERDE:

- ✓ Botellas, frascos e tarros de vidro
- ✗ Tapas, cortizas
- ✗ Vasos, copas
- ✗ Espellos
- ✗ Lámpadas

LEMBRA



MINICONTADOR DE PILAS.

LEMBRA



XENÉRICO:

Fracción resto (panos de papel, cueiros, compresas, máscaras e luvas...).

LEMBRA



PUNTO LIMPO:

Residuos de carácter especial (mobles, colchóns, pinturas, vernices, aceites...).

LEMBRA



PROXIMAMENTE

MARRÓN:

para a materia orgánica.

CONVÉRTETE NUN SUPERHEROE E NUNHA SUPERHEROÍNA

Completa os teus coñecementos ambientais xogando en: www.cadernoverde.gal. Algunhas das divertidas actividades que atoparás son: ecocontos, unidades didácticas, fichas e xogos online.

Estamos seguros de que contaremos coa túa participación en «**Recíclate con Sogama**» e de que todos os días separarás correctamente os teus residuos, tanto na escola coma no teu fogar e tempo de lecer, para que poidan ser reciclados.



CONVÉRTETE NUN SUPERHEROE E NUNHA SUPERHEROÍNA



Así mesmo, estamos convencidos de que ensinarás os membros da túa familia co teu exemplo.

Deste xeito poderemos gozar dun medio ambiente mellor e máis saudable.

Agora e no futuro.

Sogama, por un futuro sostible.

PROGRAMA
RECÍCLATE
CON sogama 

SOGAMA.GAL

